

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Resolución do 11 de febreiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Intecmar no terceiro cuadrimestre do ano 2008.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño), acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2008, e que se relacionan no anexo desta resolución.

Vilagarcía de Arousa, 11 de febreiro de 2009.

Xosé Manoel Romarís Pais
Director do Instituto Tecnolóxico para o Control
do Medio Mariño de Galicia

ANEXO

Convenio	Data da sinatura	Achega do Intecmar
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a <i>Fundación Centro Tecnolóxico do Mar</i> para o desenvolvemento dunha acción de investigación sobre episodios tóxicos de orixe fitoplanctónica en moluscos bivalvos de Galicia.	5-9-2008	0,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para a análise de biotoxinas dentro do programa de salubridade de moluscos.	25-9-2008	0,00 €
Addenda para a cuarta prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Agrupación de Interese Económico Lonxa de Campelo para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra.	30-9-2008	0,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, o Intecmar e o Instituto de Investigacións Mariñas do Consello Superior de Investigacións Científicas para a realización do Plan nacional comparación de metodoloxías para a determinación de toxinas paralizantes en bivalvos relacionadas co Paralytic Shellfish Poisoning (PSP). Aplicación á acuicultura en España.	2-10-2008	0,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño e o Consello Regulador de Mexillón de Galicia para a realización do proxecto de investigación: Plan nacional de cultivo de mitílidos: expansión e sustentabilidade.	24-10-2008	0,00 €
Convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e o Clúster de la Acuicultura de Galicia- CETGA para a realización do proxecto de investigación Estudo de biomagnificación dos PCB non similares e dioxinas en produtos acuícolas.	30-10-2008	0,00 €
Convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia para a Realización do proxecto: Valoración da eficacia da eliminación de virus e outros indicadores de contaminación fecal en sistemas de depuración intensiva.	16-12-2008	Ano 2008 11.800 € Ano 2009 200.212 €

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade.

Os artigos 149.1º.23 da Constitución española e 27.30º do Estatuto de autonomía de Galicia facultan a nosa comunidade autónoma para establecer normas adicionais sobre protección do medio e a paisaxe.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a obriga de fomentar a conciencia de que o medio galego é un patrimonio e un ben en que todos os estamentos sociais deben estar implicados.

O Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, recolle entre as súas competencias a promoción das iniciativas sociais relativas á difusión e divulgación ambiental, así como á promoción, deseño, execución e seguimento de programas, accións e actividades formativas de concienciación para a sustentabilidade dirixidas ao conxunto da poboación.

A Estratexia Galega de Educación Ambiental foi aprobada o 9 de novembro de 1999 no Consello Galego de Medio Ambiente e publicada no DOG nº 205, do 23 de outubro de 2000, froito dos compromisos ambientais adoptados por España nas reunións de Tbilisi e Tesalónica, e seguindo as recomendacións do Libro Branco de Educación Ambiental. O desenvolvemento sustentable considérase como un novo modelo social que asume límites aos recursos, e polo tanto oposto a un crecemento sen fin, que antepón a calidade de vida fronte ao benestar material, e baseado na solidariedade social rexional e interxeracional.

Co obxecto de impulsar o concepto de sustentabilidade na sociedade galega, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible promove un réxime de axudas destinadas á formación dunha conciencia social para a defensa e mellora do contorno e a educación para a sustentabilidade.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a normativa principal está representada polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada lei. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

O principio de subsidiaridade, definido no artigo 5 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, ten por obxecto garantir que as decisións se tomen o máis cerca posible do cidadán. Así, ademais de lograr unha maior eficacia e axuste ás circunstan-

cias do contorno local, poténciase o desenvolvemento das accións divulgativas desde a Administración mais próxima ao cidadán.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto das axudas.*

1. As axudas convocadas mediante esta orde teñen por obxecto contribuír ao financiamento de actividades de educación para a sustentabilidade, e tramítanse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non-discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, segundo o artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para tal efecto:

a) Entenderase por educación para a sustentabilidade a que ensine actitudes, valores e comportamentos ambientais, sociais e economicamente responsables e sustentables, que promova cambios de actitude e hábitos, e que se materialice nunha acción de participación cidadá.

b) Entenderase por participación cidadá os procesos de compartir as decisións, que afectan a vida propia e a vida da comunidade en que se vive.

2. As actividades subvencionables deberán realizarse durante o ano 2009, no ámbito xeográfico do solicitante dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, e poderán ter forma de obradoiros, foros de participación, campañas de sensibilización e accións de formación, que aborden unha ou varias das seguintes áreas de traballo:

- a) Cambio climático.
- b) Urbanismo sustentable.
- c) Mobilidade sustentable.
- d) Xestión integral da auga.
- e) Minimización de residuos.

3. As actividades obxecto de axuda deberán fomentar a implicación e participación efectiva dos veciños na política ambiental dos concellos e na formulación de propostas nas citadas áreas de traballo.

Artigo 2º.-*Destinatarios.*

1. Poderán solicitar as axudas previstas nesta orde os concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen legalmente constituídas, de acordo co establecido nos artigos 135 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. Co obxecto de acadar unha maior repartición das axudas, só se admitirá unha solicitude por entidade. As solicitudes efectuadas por mancomunidades excluirán as solicitudes individuais dos concellos incluídos nas actividades das mancomunidades.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Importe das axudas, compatibilidade, conceptos subvencionables e subcontratación.*

1. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible subvencionará os gastos que se realicen para levar a cabo as actividades mencionadas no artigo 1º co 70% do seu orzamento, ata un límite máximo de 12.000 euros (doce mil euros) por cada beneficiario individual, ou membro das entidades ou grupos referidos no artigo 2º, punto 1º.

2. As axudas convocadas mediante esta orde son compatibles con outro tipo de subvencións e axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, ou achegas de persoas físicas, sempre e cando a suma de todos os financiamentos acadados non supere o custo da actividade. No caso de que se superase o dito custo, o importe da axuda reducirase na cantidade igual ao exceso de financiamento.

3. Serán conceptos subvencionables: gastos xerais da organización das actividades educativas, pagamentos a monitores e profesorado, contratación de empresas de educación ambiental, material non inventariable necesario para a actividade, transporte e outros gastos de atención aos participantes, que deberán cumprir os requisitos establecidos polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Autorízase expresamente a subcontratación da execución das actividades ata o 100% do seu orzamento, debendo explicarse igualmente o seu orzamento detallado. Aplicaranse as restantes condicións e límites recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitudes: prazo e documentación.*

1. As solicitudes de subvención irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e deberán formularse mediante o modelo normalizado incluído como anexo I desta orde, en calquera dos lugares previstos polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O cómputo do citado prazo farase de data a data, entendéndose como último día do prazo o correspondente ao

mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, o prazo entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. O modelo normalizado de solicitude deberá presentarse acompañado da seguinte documentación, á disposición do público no enderezo da internet <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>:

a) Solicitude de axuda, segundo o modelo do anexo I.

b) Memoria explicativa das actividades concretas que se queiran emprender, coa estrutura e contido indicados no anexo II, incluíndo orzamento detallado e desagregado por actividades e conceptos.

c) Declaración xurada doutras axudas, para a mesma actividade, provenientes de entidades públicas ou financiamento privado (conforme o modelo recollido no anexo III).

4. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado, segundo o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, agás denegación expresa por parte do solicitante, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente. Esta comprobación efectuarase antes de resolverse a concesión e antes de proceder á tramitación do pagamento. En todo caso, o solicitante deberá estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Artigo 5º.-*Procedemento.*

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Educación para a Sustentabilidade, órgano instructor, revisará estas e a documentación adxunta, e se esta non reunise os requisitos exixidos, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fixer, se lle poderá declarar desistido na súa petición por resolución expresa, conforme dispón o artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Rematado o trámite de emenda, o/a instructor/a remitirá as solicitudes formuladas á comisión avaliadora referida no artigo 6º. Os acordos da comisión serán reflectidos nun informe, que conterá as seguintes mencións:

a) Solicitantes rexeitados por defectos de forma non emendados nas súas solicitudes.

b) Solicitantes ordenados de maior a menor puntuación obtida, desagregada en función dos criterios de valoración recollidos no artigo 7º.

c) Solicitantes para os cales se propoña a concesión de axuda e importe desta.

3. A comisión propondrá a concesión de axudas respecto daquelas solicitudes que, tendo superando o mínimo de 75 puntos sobre os 150 totais, acaden maior puntuación, ata esgotar a dotación orzamentaria indicada no artigo 15º desta orde.

4. A comisión poderá acordar motivadamente a exclusión daquelas actividades e gastos que non se correspondan coa finalidade, obxecto ou conceptos subvencionables establecidos nesta convocatoria, ou se o orzamento non está suficientemente desagregado.

5. O informe da comisión será asinado polos membros da comisión e polo/a secretario/a, quen a elevará, con carácter de proposta de resolución, ao/a director/a xeral de Desenvolvemento Sostible. A proposta de resolución deberá axustarse ao disposto no artigo 9.5º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.-*Comisión de valoración.*

1. Para valorar os proxectos e solicitudes presentados constituirase unha comisión que estará formada polas seguintes persoas, podendo estas delegar noutras:

-O/a director/a xeral de Desenvolvemento Sostible.

-O/a subdirector/a xeral de Fomento do Desenvolvemento Sostible.

-Un/unha representante do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida).

-Un/unha representante da *Sociedade Galega de Educación Ambiental*.

-O/a xefe/a do Servizo de Educación para a Sustentabilidade, que exercerá as funcións de secretario/a da comisión.

2. Cando, por calquera causa, algún membro da comisión non puidese asistir ás deliberacións, será substituído pola persoa que para o efecto designe o/a titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

Artigo 7º.-*Criterios de valoración das solicitudes.*

1. As solicitudes presentadas serán valoradas pola comisión prevista no artigo 2º de conformidade cos criterios que a continuación se indican:

a) Calidade técnica da actividade (0-80 puntos), tendo en conta a súa adecuación aos obxectivos da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), que se atopa a disposición do público no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/conselle/cma/>

CMA04d/CMA04df/p04df01c.pdf; valorando especialmente as actividades que desenvolvan as seguintes funcións:

i. Provoquen reflexións que inviten ao cambio de comportamentos, actitudes e hábitos da poboación.

ii. Se materialicen en accións participativas da cidadanía susceptibles de dar lugar á formulación de propostas.

iii. Indiquen un procedemento para considerar as propostas, obtidas da participación cidadá promovida pola actividade, na toma decisións das administracións locais solicitantes.

iv. Definan unha avaliación do grao de consecución dos obxectivos da actividade mediante indicadores.

b) Cualificación profesional e experiencia dos medios humanos que executarán ou asesorarán na actividade (0-25 puntos):

i. Titulación universitaria.

ii. Formación especializada e experiencia en educación para a sustentabilidade e en procesos de participación cidadá, por parte dos monitores e/ou empresas contratadas.

iii. Coordinación ou execución da actividade por persoal técnico propio do solicitante.

c) Intensidade da actividade (0-15 puntos), en función de:

i. A súa duración.

ii. A súa prolongación no tempo.

d) Destinatarios das actividades (0-15 puntos), valorándose a aptitude para suscitar a formulación de propostas aptas para influír nas decisións ambientais do concello:

i. Destinatarios adultos, colectivos profesionais e asociacións locais.

ii. Adecuación da actividade proposta ao perfil dos destinatarios.

e) Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade: por pertenza á rede, 15 puntos.

2. Para a aplicación dos devanditos criterios será requisito imprescindible que o solicitante desenvolva de maneira pormenorizada e coherente os extremos recollidos no anexo II desta orde.

Artigo 8º.-Resolución do procedemento.

1. A resolución de concesión das axudas convocadas mediante esta orde atribúese ao/a director/a xeral de Desenvolvemento Sostible, por expresa delegación do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. A dita resolución será motivada conforme os criterios establecidos no artigo 7º, incluíndo a relación dos solicitantes aos cales se concede a subvención, e facendo constar expresamente a desestimación do resto das solicitudes.

2. Conforme o disposto polo artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 58.1º, 59.6º, letra b), e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* producirá os efectos de notificación, sen prexuízo da posibilidade de lles comunicar a concesión da axuda aos respectivos beneficiarios, a título informativo.

3. Notificada a resolución, os interesados disporán dun prazo de dez días para aceptaren a subvención, transcorrido o cal sen que se tivese producido manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento será de cinco meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación da solicitudes.

5. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notificase a resolución lexítima os interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, segundo o disposto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as devanditas solicitudes, conforme prevé o artigo 42 da dita lei.

6. A resolución do/da director/a xeral de Desenvolvemento Sostible pon fin á vía administrativa, e fronte a esta poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes, se for expresa, ou no prazo de tres meses en caso de desestimación presunta, ou ben impugnalas directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución for expresa, ou tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo. O cómputo dos citados prazos farase de data a data, entendéndose como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, o prazo entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao da notificación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

7. Se algún dos beneficiarios rexeitase expresamente a axuda concedida, o director xeral de Desenvolvemento Sostible poderá resolver a distribución do seu importe entre os solicitantes aos cales non se lles concedese a subvención por esgotamento do crédito dispoñible, sempre que tivesen alcanzado a puntuación mínima establecida polo artigo 5º, punto 3º.

Artigo 9º.-*Rexistro Público de Subvencións.*

1. As resolucións de concesión de subvencións incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda, para ordenación e coñecemento da actividade subvencionadora en Galicia.

2. Os interesados terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición con respecto aos seus datos persoais que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. A solicitude para ser beneficiario destas axudas levará implícita a autorización, no suposto de concesión da axuda, para a inscrición no Rexistro Público de Subvencións dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, os solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos persoais no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunha das circunstancias previstas na letra d) do punto 2º do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Xustificación, control e pagamento.*

1. Para a percepción do importe das axudas concedidas será requisito necesario a previa xustificación polos beneficiarios, antes do 15 de novembro de 2009, do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos.

2. Para a dita xustificación e percepción do importe das axudas concedidas, os beneficiarios deberán presentar:

a) Solicitude de cobramento e declaración xurada doutras axudas recibidas e solicitadas, segundo o modelo do anexo IV.

b) Memoria detallada da actividade realizada, de conformidade co anexo V, que deberá gardar a debida coherencia coa actividade e orzamento descrito na solicitude da axuda.

c) Xustificación dos gastos realizados mediante:

c.1. Relación de facturas e gastos realizados (anexo VI).

c.2. Facturas orixinais ou compulsadas, convenientemente detalladas ou con explicación anexa da vinculación do gasto coa actividade realizada.

c.3. Xustificantes do pagamento ou certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control financeiro, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda, conforme o disposto polo artigo 28.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c.4. En caso de subcontratación da realización das actividades, coa xustificación deberá achegarse unha desagregación detallado dos gastos co visto e

prace do/a concelleiro/a ou técnico/a competente, unha explicación que vincule eses gastos ás actividades subvencionadas, e unha declaración xurada do subcontratista, facendo constar que non se atopa incurso en ningún dos supostos recollidos no artigo 27.7º e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c.5. Se o beneficiario empregase persoal propio, funcionario ou laboral, a xustificación do investimento incluírá certificación do secretario do concello respectivo, na cal conste a condición e posto de traballo do empregado interviniente, o número de horas investido no desenvolvemento da actividade e o custo da dita intervención.

3. O importe dos gastos efectuados queda sometido á comprobación do seu axuste efectivo aos prezos de mercado, para o cal a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento poderá acudir aos medios previstos polo artigo 30.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Os servizos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poderán, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas e o axuste dos investimentos realizados con respecto aos prezos de mercado, conforme dispoñe o artigo 30.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para tal efecto, poderán facer visitas e inspeccións dos lugares onde se realizarán actividades, mesmo con carácter previo á concesión das axudas, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consono co establecido no artigo 30.11 da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 11º.-*Publicidade.*

1. Para os efectos do disposto polo artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na publicación da resolución das axudas no *Diario Oficial de Galicia*, deberá facerse constar especificamente a súa convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao cal se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

2. Con suxeición ao establecido no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, as axudas serán obxecto de publicación na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, especificándose as súas bases reguladoras, o seu importe e a relación dos beneficiarios.

3. Os beneficiarios das axudas deberán cumprir co disposto polo artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, facendo constar,

nos actos de difusión da actividade e no material impreso que se poida empregar nela, que conta con financiamento da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, e empregando o logotipo de imaxe corporativa desta, que se pode obter en: <http://www.xunta.es/identidade-corporativa/>.

Artigo 12º.-*Reintegro.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial do importe das axudas concedidas e a existencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos casos e termos previstos nos artigos 32 e 33 da mesma lei, así como no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano competente para resolver o procedemento de reintegro, que se rexerá polas disposicións xerais sobre procedemento administrativos contidas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades recollidas no capítulo II, do título II, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Se no transcurso do expediente o solicitante precisase introducir modificacións a este, solicitará autorización da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, xustificando as razóns do cambio e actualizando o expediente en que recolla as variacións do proxecto orixinal. Poderanse modificar as resolucións individuais de axuda sempre que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación cumpran os criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida derivar en criterio discriminatorio respecto a terceiros.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta na concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución.

3. A modificación de axuda realizarase mediante resolución do director xeral de Desenvolvemento Sostible, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 14º.-*Infraccións e sancións administrativas.*

1. Aos beneficiarios seralles de aplicación, nos seus propios termos, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. O órgano competente para impoñer sancións polas infraccións cometidas dentro do procedemento de concesión das axudas reguladas nesta orde é o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 15º.-*Dotación económica.*

As axudas concedidas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.541E.460.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, cunha dotación inicial de 369.500 euros (trescentos sesenta e nove mil cincocentos euros).

Artigo 16º.-*Obriga de informar.*

1. Os beneficiarios destas axudas deberán informar a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da execución das actividades financiadas mediante as subvencións obxecto desta convocatoria, cunha antelación mínima dunha semana; para este efecto poderán dirixirse ao enderezo de correo electrónico educacion.sostible@xunta.es.

2. Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, os beneficiarios das axudas previstas nesta orde teñen a obriga de facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Disposición adicional

Delégase no/na director/a xeral de Desenvolvemento Sostible o exercicio da competencia para resolver a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade, consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento

Facúltase o director xeral de Desenvolvemento Sostible para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA407A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO 1		
<input type="text"/>		
CORREO ELECTRÓNICO 2		PERTENCE Á REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SOSTIBILIDADE
<input type="text"/>		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ACTIVIDADE PARA REALIZAR

TÍTULO DA ACTIVIDADE	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

TIPO DE ACTIVIDADE: (marcar a que corresponda)

<input type="checkbox"/> OBRADOIROS <input type="checkbox"/> FOROS DE PARTICIPACIÓN <input type="checkbox"/> OUTRAS <input type="checkbox"/> CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN <input type="checkbox"/> ACCIÓNS DE FORMACIÓN	<input type="text"/>
--	----------------------

ÁREA DE TRABALLO: (marcar a que corresponda)

<input type="checkbox"/> MOBILIDADE SOSTIBLE <input type="checkbox"/> URBANISMO SOSTIBLE <input type="checkbox"/> CAMBIO CLIMÁTICO <input type="checkbox"/> XESTIÓN INTEGRAL DA AUGA <input type="checkbox"/> MINIMIZACIÓN DE RESIDUOS
--

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR, de acordo co artigo 4º da orde

<input type="checkbox"/> Instancia (anexo I). <input type="checkbox"/> Memoria das actividades que se realizarán (anexo II). <input type="checkbox"/> Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
--

AUTORIZACIÓN: de conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e coo previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas se puidesen impoñer, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dlos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA <i>Lugar e data</i>	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

Conseillero de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

ANEXO II

ÍNDICE DA MEMORIA DA SOLICITUDE

1. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES.

- 1.1. Descrición e xustificación da actividade.
- 1.2. Obxectivos.
- 1.3. Programación da actividade (fases de planificación e execución das actividades).
- 1.4. Recursos materiais.
- 1.5. Observacións.

2. VALORACIÓN DA ACTIVIDADE.

2.1. CALIDADE TÉCNICA - Indicar a adecuación aos obxectivos da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), especialmente nos seguintes aspectos da actividade:

- 2.1.1. Metodoloxía para provocar reflexións que inviten ao cambio de hábitos e actitudes.
- 2.1.2. Metodoloxía para incentivar a participación cidadá e a elaboración de propostas de acción.
- 2.1.3. Procedemento para considerar as propostas do proceso participativo nas súas decisións.
- 2.1.4. Seguimento e avaliación da actividade solicitada, con indicadores de: cambio de actitudes, calidade do proceso participativo e de integración municipal das propostas.

2.2. CUALIFICACIÓN PROFESIONAL - Indicar a experiencia dos medios humanos que executarán a actividade.

Valorarase a titulación universitaria, a experiencia en educación ambiental, en educación para a sustentabilidade e en procesos de participación cidadá, e a coordinación ou execución da actividade por persoal técnico propio do solicitante.

2.2.1. Relación de relatores, educadores, monitores ou empresas de educación ambiental, con indicación de:

- Apelidos, nome.
- Relación laboral.
- Formación/Experiencia.
- Observacións.

2.2.2. *Curriculum vitae* e a capacidade técnica empresarial, de ser o caso:

2.3. INTENSIDADE DA ACTIVIDADE.

2.3.1. CALENDARIO DA ACTIVIDADE		Nº TOTAL DE HORAS
<div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%;"></div>		<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
		TOTAL DESTINATARIOS
		<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
HORARIO DE ACTIVIDADES	Nº HORAS/ACTIVIDADE	Nº PARTICIPANTES/ACTIVIDADE
<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>

2.3.2. Xustificación da duración da actividade.

2.3.3. Xustificación da prolongación no tempo das actividades.

2.4. DESTINATARIOS: valorarase a capacidade para influir nas decisións ambientais do concello. Xustificar os seguintes aspectos:

- 2.4.1. Destinatarios adultos, colectivos profesionais e asociacións locais.
- 2.4.2. Axuste da actividade proposta ao perfil dos destinatarios.

3. ORZAMENTO DA ACTIVIDADE.**3.1. RESUMO DO ORZAMENTO.**

ACTIVIDADE	OBXECTO DE GASTOS	IMPORTE
<div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
Custo actividade		<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
<div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
Custo actividade		<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
Importe total		<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>

3.2. XUSTIFICACIÓN DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS:

O orzamento deberá desagregarse suficientemente por actividades e conceptos.

Xustificarase a necesidade das partidas de gasto vinculándoas coa actividade que se vai realizar.

En caso contrario, a comisión de avaliación aplicará contías máximas por cada actividade que se vaia desenvolver, desestimando gastos non xustificadas.

ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

D/Dª con NIF
como representante legal de con CIF/NIF

en relación coas accións polas cales se solicitan axudas ao abeiro da orde pola que se establecen axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos os datos reflectidos neste expediente de solicitude de axuda.
- Que se teñen solicitadas as seguintes axudas para o mesmo fin: indicar tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

<input type="text"/>
<input type="text"/>
<input type="text"/>
<input type="text"/>

- Que non se ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para o mesmo fin.

Lugar e data

, de de 20
(Sinatura)

ANEXO IV

SOLICITUDE DE COBRAMENTO

Orde de axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade

Nº DE EXPEDIENTE: MA-407-2009-

NOME OU RAZÓN SOCIAL					CIF
<input type="text"/>					<input type="text"/>
ENDEREZO			PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO 1	CORREO ELECTRÓNICO 2	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS

BANCO		OFICINA			
<input type="text"/>		<input type="text"/>			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ACEPTA a subvención concedida así como os termos e condicións dela, e

SOLICITA

O pagamento correspondente a:

TÍTULO DA ACTIVIDADE	<input type="text"/>		
Importe CONCEDIDO	<input type="text"/>	Importe total XUSTIFICADO	<input type="text"/>

TIPO DE ACTIVIDADE: (marcar a que corresponda)

<input type="checkbox"/> OBRADOIROS	<input type="checkbox"/> FOROS DE PARTICIPACIÓN	<input type="checkbox"/> OUTRAS	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN	<input type="checkbox"/> ACCIÓNS DE FORMACIÓN		

ÁREA DE TRABALLO: (marcar a que corresponda)

<input type="checkbox"/> MOBILIDADE SUSTENTABLE	<input type="checkbox"/> URBANISMO SUSTENTABLE	<input type="checkbox"/> CAMBIO CLIMÁTICO
<input type="checkbox"/> XESTIÓN INTEGRAL DA AUGA	<input type="checkbox"/> MINIMIZACIÓN DE RESIDUOS	

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que se teñen solicitadas as seguintes axudas para o mesmo fin (indicar tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades):

ORGANISMO/ENTIDADE A QUEN FOI SOLICITADA	CONCEDIDA	SOLICITADA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>

- Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para o mesmo fin.
- Que a suma de todos os financiamentos non supera os custos da actividade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR: (artigo 10.1º da orde)

- Memoria das accións realizadas (anexo V).
- Relación ordenada dos investimentos e os pagamentos efectuados (anexo VI).
- Facturas orixinais ou compulsadas.
- Xustificantes de pagamento ou do recoñecemento de gasto.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina esta solicitude.

Lugar e data

, de de 20
O REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.:

ANEXO V

ÍNDICE DA MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO

CONCELLO:	<input type="text"/>	Nº DE EXPEDIENTE: MA-407-2009-	<input type="text"/>
TÍTULO DA ACTIVIDADE:	<input type="text"/>		

1. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES.

- 1.1. Descrición da actividade e xustificación de modificacións.
- 1.2. Obxectivos acadados.
- 1.3. Calendario de accións.
- 1.4. Recursos materiais empregados.
- 1.5. Outros aspectos que cómpre salientar.

2. ASPECTOS CUALITATIVOS.

2.1. CALIDADE TÉCNICA-Indicar a adecuación aos obxectivos da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), especialmente nos seguintes aspectos:

- 2.1.1. Reflexións producidas sobre hábitos e actitudes.
- 2.1.2. Accións e propostas elaboradas de forma participativa.
- 2.1.3. Procedemento seguido no concello para considerar as propostas do proceso participativo.
- 2.1.4. Logros acadados (indicadores da actividade realizada).

2.2. CUALIFICACIÓN PROFESIONAL-Indicar a formación e experiencia dos medios humanos e empresariais que executaron a actividade e a experiencia acumulada por persoal técnico do concello.

2.3. INTENSIDADE DA ACTIVIDADE.

2.3.1. CALENDARIO DA ACTIVIDADE

Nº TOTAL DE HORAS

<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------

TOTAL DESTINATARIOS

<input type="text"/>

HORARIO DE ACTIVIDADES

Nº HORAS/ACTIVIDADE

Nº PARTICIPANTES/ACTIVIDADE

<input type="text"/>

<input type="text"/>

<input type="text"/>

2.4. DESTINATARIOS: indicar os destinatarios da actividade (tipoloxía e número) e a adaptación da actividade aos destinatarios.

3. XUSTIFICACIÓN DO ORZAMENTO.

- 3.1. O orzamento deberá desagregarse suficientemente por actividades e conceptos.
- 3.2. Relacionar cada unha das facturas indicadas no anexo VI coa actividade realizada.
Non se estimarán facturas non vinculadas á actividade aprobada, ou cun custo que non sexa razoable.

4. COPIA DOS MATERIAIS ELABORADOS E NOTAS DE PRENSA.

(En papel e formato dixital).

ANEXO VI

LISTA DE XUSTIFICANTES DO GASTO

BENEFICIARIO:		Nº DE EXPEDIENTE: MA-407-2009-			IMPORTE
ACTIVIDADE	OBXECTO DO GASTO	Nº FACTURA	DATA	EMITIDA POR	
				Subtotal	
				Subtotal	
				Subtotal	
				TOTAL	

Esta lista irá acompañada das fotocopias compulsadas das facturas e certificados de compromiso de pagamento.

Lugar e data

Simatura do representante legal
de
de 20

Asdo.: